

A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA RADIO E A TELEVISIÓN DE GALICIA. PROPOSTAS DUN XORNALISTA

XOSÉ M. PÉREZ

R.T.G.

Moito se ten discutido sobre a influencia dos medios de comunicación no proceso de normalización lingüística. Hoxe en día, avaliable xa a experiencia de seis anos de Televisión de Galicia e da Radio Galega, non haberá quen cuestione a importancia de contar cuns instrumentos coma estes para asenta-la nosa lingua e fomenta-lo seu uso. Ante a patente inhibición, raiana no desprezo, de case toda a prensa galega polo noso idioma¹, TVG e RG seguen a se-lo referente obrigado para os que nos preocupamos pola normalización lingüística deste país.

Radio e televisión autonómicas son, nestes momentos, ó meu xuízo, un dos mellores instrumentos dos que dispomos para estende-lo uso do idioma galego. De aí que cumpra defendelas das agresións que sofren a cotío por parte de axentes políticos e empresariais supeditados a intereses opostos ós que defende o espírito da Lei de Creación da CRTVG². Esa defensa debe converterse en ofensiva e incluír tamén a reivindicación de que se potencie a súa estrutura e se reforce a súa

¹ Exceptuando algún caso como o de *A Nosa Terra*, o galego segue a ter unha presenza testemuñal nos xornais galegos. Só artigos de opinión e excepcionalmente algunha noticia son redactadas no noso idioma. Segue a ser unha práctica coiá a de traducir ó castelán comunicados escritos en galego e a de reproducir en castelán citas textuais, aínda que as palabras foran pronunciadas en galego. Xusto é recoñecer tamén que algúns xornais, como Diario 16 de Galicia ou El Correo Gallego, están a dar tímidos pasos no camiño da extensión do galego.

² Nos principios xerais da programación da CRTVG dise: "especial papel correspóndelles á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galicia. É indubidable a influencia que a TV e a Radio poden e deben exercer de cara á difusión eficaz das vixentes normas lingüísticas que faciliten, de maneira cada vez máis normal e polo uso repetido, o dominio do idioma galego. En moitas ocasións, a simple expresión oral da linguaxe correcta servirá para ir fomentando o seu uso adecuado entre os usuarios da Radio e a Televisión de Galicia".

presencia coa creación de novas canles. A "invasión" de emisoras privadas e o espectacular desenvolvemento das telecomunicacións xogan en contra nosa. A sempre temida e por algúns desexada "aldea global" de Mc Luhan está cada vez máis preto de ser unha realidade. Ducias de emisoras de radio e televisión en lingua castelá ou inglesa chaman hoxe ás portas das casas dos galegos. A cultura da coca-cola e do flamenco estende o seu manto uniformizador eclipsando as manifestacións propias do noso país, transformando a "identidade galega" nun recordo e o noso idioma nunha reliquia.

A cegueira, non quero pensar que interesada, de moitos políticos está coartando as posibilidades dos medios públicos de Galicia. Sen apoio, sen recursos, non pode haber produción propia. Os profesionais da radio e da televisión vense obrigados a galeguizar productos totalmente alleos á nosa cultura, á nosa realidade. A penuria é tal que, en non poucas ocasións ata a lingua galega desaparece da programación. Esta circunstancia podémola tamén apoñer á desidia ou á falta de concienciación dos propios rectores dos medios, indiferentes ante a emisión de películas ou publicidade en castelán. Esa falta de recursos ten outras repercusións que quizais non perciban os menos avisados. Son a consecuencia dunha lóxica cadea. Sen diñeiro non hai instrumentos técnicos nin persoal; sen eles non se poden recolle-los acontecementos "in situ"; débese recorrer, por tanto, ó que chega de fóra. O resultado é: temáticas alleas, protagonistas de distinta fala e incluso crónicas recollidas doutros medios (por suposto en castelán). Velaí as dificultades para loitar contra a devandita uniformización macluhiana.

A maior parte das noticias divulgadas pola TVG e a RG son redactadas utilizando como base os datos recollidos por axencias con sede en Madrid. Por suposto, os teletipos destas axencias están redactados en castelán (deixemos a un lado que obviamente os contidos están subxectivados por unha avaliación allea ó noso país). O xornalista debe traducilos ó galego e adaptalos á linguaxe televisiva ou radiofónica. A premura de tempo en moitos casos e a falta de capacidade noutros dan como resultado a elaboración de textos con expresións foráneas e sintaxe castelá. A autocrítica non é mala. Por tanto, os xornalistas debemos reconecer que recorremos a temática e protagonistas doutros puntos do estado por simple mimetismo con grandes medios de comunicación. Vaia na nosa defensa o feito de que a prensa, a radio e a televisión estatais marcan moitas veces a noticia e o interese público. Na nosa contra pode alegarse que a falta de imaxinación ou, moitas veces, o descoñecemento do noso medio lévannos a

busca-lo protagonista ou o acontecemento alén a nosa terra³. A consecuencia é a proliferación de entrevistas e testemuños noutros idiomas (por certo, o castelán nunca se traduce ou subtitula). Sabido é que os medios de comunicación crean ídolos, modelos a imitar. A xente outorga ás persoas que habitualmente aparecen nos medios un prestixio ás veces inxustificado. Mal camiño seguimos se a nosa radio e a nosa televisión consagran figuras foráneas e conceden un rol preponderante á lingua do estado.

A carencia de medios é un dos atrancos cos que topan radio e televisión galegas para cumprila función encomendada polos seus creadores. O exposto ata aquí é só unha chamada de atención sobre o perigo, non irreal, que corremos de vernos na necesidade de prescindir dun dos máis eficaces instrumentos normalizadores cos que agora contamos. O que segue é un pequeno chamamento para que os especialistas na materia fagan un esforzo na procura de solucións para os problemas lingüísticos ós que se enfrontan cada día os xornalistas e profesionais da radio e a televisión de Galicia.

Son dos que manteñen a tese de que para que os medios de comunicación actúen como axentes normalizadores deben someterse primeiro a un proceso de normalización. Radio Galega e TVG non pasaron aínda por el. Para que un redactor ou un locutor poida comunicar en galego non só ten que coñecer-lo idioma, ten tamén que saber cómo usalo. Neste punto encontramos tres paradigmas:

A. Quen non coñece a lingua ou non é capaz de utilizala con corrección.

B. Quen non se preocupa por expresarse axeitadamente.

C. Quen, concienciado pola trascendencia do seu traballo, ansía desempeñalo coa responsabilidade que a sociedade lle debe esixir.

Sobre os dous primeiros casos sobran os comentarios. Non fai falta escaravellar moito para que agromen. É unha lacra que temo que arrastren os nosos medios durante anos, sobre todo se os seus directivos continúan demostrando indiferencia e desprezo polo idioma, sempre susceptible de ser relegado a un segundo termo por conceptos máis superficiais ou rendibles que ó lector non lle custará adiviñar. O último dos casos, o do profesional interesado na mellor utilización da lingua, é o que me preocupa agora.

³ ¡Cantas veces temos que aturar aburridas entrevistas con persoeiros mil veces vistos cando ó noso carón temos xente con moito que dicir! ¡Quen non escoitou opinións de sisudos expertos doutras zonas do estado sobre economía, política internacional ou dereito, cando, no noso país, hai persoas versadas nesas cuestións que poderían ofrecer un valioso comentario!

Calquera "doutrina científica" referida á comunicación en radio ou televisión establece como característica básica da linguaxe nestes medios a intelixibilidade. As palabras e a sintaxe empregadas deben cumprir os requisitos de claridade, propiedade e sinxeleza para que o que o comunicador quere transmitir sexa facilmente comprensible para o oínte. Propiedade nas palabras escollidas (deben expresar un concepto sen propiciar equívocos ou malas interpretacións): sinxeleza na construción das oracións para que o oínte poida segui-lo fío do relato sen dificultades; claridade na semántica, sobran os xogos de palabras susceptibles de despita-lo destinatario da información. Todos estes requisitos son imprescindibles nunha forma de comunicación mediatizada por condicionamentos técnicos e tarada polo seu sentido unidireccional.

As características que acabo de comentar condicionan enormemente a liberdade expresiva do xornalista ó realiza-lo seu traballo. O profesional hase de someter a unhas normas que limitan a súa creatividade. Moitas veces esa limitación lévase a extremos grotescos, xeralmente por falta de habilidade do comunicador. Así temos que "sufrir" textos clónicos, monótonos, e expresións manidas e repetitivas, case todas copiadas do castelán, idioma con maior tradición xornalística⁴. É entón cando é necesario o labor do asesor lingüístico. Eles son os que deben acuñar un corpo lingüístico (palabras, expresións, xiros, vocábulos técnicos) axeitado ó medio no que vai ser empregado. Trataríase de "educar" en galego ó xornalista, proporcionándolle os aparellos que necesita para realiza-lo seu labor.

O que estou a reclamar é basicamente un *libro de estilo*. Un manual que lles aporte ós profesionais solución ós problemas de utilización da linguaxe e resolva as dúbidas que poidan xurdir no exercicio do traballo. Este libro de estilo tería que especificar claramente qué arcaísmos son susceptibles de seren utilizados; tamén qué neoloxismos son aceptables; debería relaciona-los topónimos estranxeiros especificando a súa pronuncia; en suma, debe ser un compendio de regras elementais que orienten a tódolos que participamos no proceso da comunicación de masas e permitan a uniformización de criterios.

A elaboración dun libro de estilo require ó meu parecer, un debate previo sobre cal debe ser ese modelo estándar de linguaxe xornalística que convén asumir. A discusión non pode ser couto pechado

⁴ O castelán, como outras linguas, desenvolveu unha xerga xornalística, un estilo de comunicar noticias que se rexe por regras propias. Ata agora, os xornalistas galegos recibían a súa formación en lingua castelá. É moi natural, polo tanto, que o seu modelo de referencia sexa alleo e que na súa escrita recorran ó léxico e a fórmulas sintácticas do idioma estatal.

para os estudiosos da nosa lingua. Os profesionais teñen moito que dicir. Eles son os que comunican, os que coñecen as características, limitacións e posibilidades do seu medio e poden realizar unha valiosa contribución ó debate. Antes de seguir adiante coa miña proposta quero deixar claro que a última palabra nesta discusión deben tela os lingüistas, pero tamén creo que non se debe despreza-la opinión dos profesionais dos medios, que como usuarios habituais do instrumento (a palabra), saben das lagoas do léxico galego, dos problemas que pode causa-lo emprego dalgunhas expresións, ou da implantación, xa asentada e inevitable, de voces estranxeiras ou procedentes do castelán.

Ata aquí estoume a referir á necesidade de establecer unhas regras xerais sobre a linguaxe que se empregará en programas informativos ou de divulgación. Pero, a radio e a televisión son moito máis ca iso. Hai espazos musicais, infantís, humorísticos... un amplo abano que abre as portas a outro estudio: a linguaxe coloquial nos medios de comunicación. ¿Como debe se-la fala neste tipo de programas?

¿Cabe o uso de variantes dialectais? ¿Pódense usar estas variedades de xeito indiscriminado? ¿Son aceptables os vulgarismos? ¿Son permisibles determinadas transgresións da norma por parte de mozos e rapaces? A proposta de debate está aí. Agora fai falta que alguén a recolla e comece o traballo. Chegou o momento de facelo se non queremos que o idioma na radio e na televisión de Galicia continúe marcado pola anarquía. Un traballo serio, meticuloso e respectuoso coas características dos medios pode facilitarles ós profesionais os recursos necesarios para desenvolver con maior tino o seu labor. Sairán gañando eles, os oíntes e a lingua.